

NOVAS PROPOSTAS PARA 5º: PROXECTOS

Agora que temos tempo, e como esta situación parece que vai continuar, podemos retomar algún dos proxectos que, dun xeito máis ou menos formal, estabamos levando a cabo no primeiro trimestre.

Unha ollada ao pasado

Un deles sería a realización de entrevistas ás avoas, o cal podemos ampliar a persoas maiores en xeral dependendo das circunstancias (e as actuais son moi particulares...). Polo tanto, poden ser avós, tíos, persoas maiores da nosa contorna,... **Que convivan con vós ou aos que teñades acceso telefónico** (por suposto, non é cuestión de poñer a ninguén en risco!).

Se podedes facelo, e aínda que non vivades con elas/eles, pode ser un perfecto tema para charlar. Darlles ás persoas maiores a oportunidade para falar do seu pasado, é darlles voz e valor ás súas vidas. E seguro que aprenderedes moito das súas experiencias...

Outras actividades que se me foron ocorrendo ao longo destes días tan “diferentes”, poderían ser o que optei por chamar “PROXECTO CC: CORENTENA COVID-19”.

PROXECTO CC: CORENTENA COVID-19

E aquí, poderíamos recompilar:

- Pensamentos
- Reflexións
- Relatos (e mellor que mellor se están acompañados dalgún debuxiño...)
- Poemas
- Acrósticos
- Traballos científicos sobre o COVID-19 a partir das novas dos xornais, tanto impresos coma dixitais, e de buscas en Internet
- Murais
- Paneis informativos (con datos sobre o virus, fotografías, esquemas, novas,...)
- Composicións plásticas de todo tipo (debuxo, *collage*,... Sobre a situación que estades a vivir)
- Cancións
- Coreografías
- E calquera outra cousa que se vos ocorra... (Imaxinación ao poder!)

E logo, cando volvamos a estar xuntos, faremos unha posta en común de todo o realizado.

Apetécevos? Adiante! E dádelle renda solta á vosa creatividade!